



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 5 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 28 DE ABRIL DE 2022

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita)

D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

D^a María Sambade Lloréns (Non adscrita)

D^a Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia D^a María Lago Lestón (BNG).

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnense en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ORDE DO DÍA

A. Parte dispositiva

Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 4 da sesión de pleno ordinario do 31 de marzo de 2022.

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta anterior núm. 4 da sesión de pleno ordinario do 31 de marzo de 2022 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase a acta anterior núm. 4 da sesión de pleno ordinario do 31 de marzo de 2022 cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (1).

Segundo. Proposta de aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e eleva ao Pleno da corporación a proposta de aprobación provisionalmente da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana nos termos do proxecto que se anexa no expediente.

A señora alcaldesa dá paso ás intervencións.

A Sra. González di que xa votaron a favor na comisión informativa.

A Sra. Martínez di que non ten nada que comentar.

A Sra. Alfonso di quere preguntar se os coeficientes son os máximos que aplica a normativa ou inferiores a esta, e a señora alcaldesa responde que son os establecidos na lei e que queda con inferiores no total do gravame.

A Sra. Alfonso di quere comentar que con esta ordenanza redúcense as bonificacións.

A señora alcaldesa que o que se fixo na ordenanza foi establecer bonificacións segundos os ingresos e as referencias son o IPREM.

A Sra. Alfonso sinala que con esta modificación significa menor bonificación.

A señora alcaldesa di que os casos nos que se vai a pagar este imposto van a ser menos e o que se fixo un axuste.

A Sra. Alfonso di que é unha pena que non reduzan impostos.

A Sra. Sambade e o Sr. Quintela non teñen nada que comentar.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), cos votos en contra dos concelleiros non adscritos (3) e coas abstencións grupo municipal socialista (4) e do grupo municipal do BNG (1) adopta o seguinte:

ACORDO:

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana nos termos do proxecto que se anexa no expediente.

SEGUNDO. Expor ao público o anterior acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello: <https://sede.muros.gal>.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo elevarase a definitivo sen necesidade de ratificación expresa do Pleno, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar á alcaldesa da Corporación para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

ANEXO I

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

ARTIGO 1. Fundamento legal

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como de conformidade co disposto no artigo 15, en concordancia co artigo 59.2, ambos os do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello de Muros establece o Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal e polo disposto na devandita Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana será de aplicación a todo o termo municipal.

ARTIGO 3. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e se poña de manifesto como consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.
2. En consecuencia con iso, está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos do Imposto sobre bens inmobles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no padrón daquel.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

3. Para os efectos deste imposto, estará así mesmo suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre bens inmobles.
4. Terán a consideración de terreos de natureza urbana e de características especiais os así cualificados polos artigos 7.2 e 8 do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

ARTIGO 4. Supostos de non suxeición

1. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre bens inmobles.
2. Así mesmo, non se producirá a suxeición a este imposto naqueles casos establecidos no artigo 104 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 5. Exencións

1. Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos seguintes actos:

- a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.
- b) As transmisión de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico-artístico ou fosen declarados individualmente de interese cultural consonte ao disposto na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais demostren que realizaron á súa conta obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles. Para ter dereito a esta exención débense cumprir os seguintes requisitos:

1º. Proba da condición individual de interese cultural ou do emprazamento do inmovible dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico-artístico declarado por medio da correspondente resolución administrativa.

2º. Proba da execución de proxectos de conservación, mellora ou rehabilitación debidamente autorizados por medio de proxecto, as licenzas e autorizacións preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente.

3º. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Muros no tocante aos tributos que graven o inmovible en cuestión.

4º. Declaración de que as obras se realizaron á conta do propietario ou titular de dereito real.

5º. As obras terán que ser finalizadas dentro do período comprendido nos vinte anos inmediatamente anteriores á data de vindicación do imposto.

6º. Esta exención ten carácter rogado e deberá ser solicitada polos suxeitos pasivos simultaneamente á declaración á que se refire o artigo 12 desta ordenanza no prazo establecido no mesmo. A solicitude fóra dese prazo considerarase extemporánea e non producirá efecto.

- c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios, así como as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais. Os requisitos para a concesión desta exención serán os establecidos no artigo 105.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

2. Así mesmo, estarán exentos deste imposto os correspondentes incrementos de valor cando a obrigaón de satisfacer aquel recaia sobre as persoas ou entidades contempladas no artigo 105.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 6. Suxeitos pasivos

1. É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:
 - a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.
 - b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo, ou que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.
2. Nos supostos a que se refire o parágrafo b) do apartado anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

ARTIGO 7. Base imponible

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento da vindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.
2. Para a determinación da base imponible serán de aplicación as regras e coeficientes vixentes establecidos no artigo 107 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 8. Reducións

1. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral tomarase como valor do terreo, ou da parte deste que corresponda segundo as regras contidas no artigo 107.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o importe que resulte de aplicar aos novos valores catastrais unha redución do 60 % durante os 5 primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.
2. A redución prevista neste artigo non será de aplicación aos supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva ao que se refire sexan inferiores aos ata entón vixentes.
3. O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ao valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ARTIGO 9. Tipo de gravame, cota íntegra e cota líquida

1. O tipo de gravame do imposto será o 25 %.
2. A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, as bonificacións ás que se refire o artigo 10 desta ordenanza.

ARTIGO 10. Bonificacións

1. Nas transmisións de terreos, ou na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, cónxuxes e descendentes e adoptantes, establécese unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto correspondente ao ben inmovible de natureza urbana que sexa a vivenda habitual do causante, en función da renda do suxeito pasivo segundo o seguinte cadro:

Renda	Bonificación
Igual ou inferior ao IPREM	95 %
Igual ou inferior ao dobre do IPREM	75 %
Igual ou inferior ao triplo do IPREM	50 %
Superior ao triplo do IPREM	Sen bonificación

2. Entenderase por renda a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro da última declaración do IRPF presentada polo suxeito pasivo no momento de vindicación do imposto. No caso de declaracións conxuntas do IRPF, só se computarán os rendementos que compoñen as bases imposables xeral e do aforro imputables ao suxeito pasivo. No caso dos suxeitos non obrigados a presentar declaración, a renda acreditarase mediante certificado de imputación de rendas do exercicio anterior á vindicación do imposto expedido pola Administración Tributaria.
3. Considerarase como indicador de referencia o IPREM anual (12 pagas) aprobado pola Lei de orzamentos xerais do Estado vixente para o ano inmediatamente anterior á vindicación do imposto.
4. Considerarase como vivenda habitual aquela que o sexa de conformidade coas regras establecidas na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio.
5. Aos efectos desta bonificación, equipáranse aos cónxuxes as relacións análogas de afectividade acreditadas co certificado expedido polo rexistro correspondente.
6. Nos supostos de que a transmisión responda a un pacto de mellora, a bonificación só poderá aplicarse cando o transmitente se reserve o usufruto do ben.
7. Esta bonificación ten carácter rogado e deberá ser solicitada polos suxeitos pasivos simultaneamente á declaración á que se refire o artigo 12 desta ordenanza no prazo establecido no mesmo. A solicitude fóra dese prazo considerarase extemporánea e non producirá efecto.

ARTIGO 11. Vindicación

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

1. O imposto vindicarase:
 - a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por causa de morte, na data de transmisión.
 - b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo de dominio, na data na que teña lugar a constitución ou transmisión.
2. Para os efectos do disposto no apartado anterior, considerarase como data de transmisión:
 - a) Nos actos ou contratos entre vivos, a do outorgamento do documento público.
 - b) Cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun Rexistro Público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.
 - c) Nas transmisións por causa de morte, a data do falecemento do causante.
 - d) Nas poxas xudiciais, administrativas ou notariais, tomarase a data do auto ou providencia aprobando o seu remate.
 - e) Nas expropiacións forzosas, a data da acta de ocupación dos terreos.
 - f) No caso de adxudicación de solares que se efectúen por entidades urbanísticas a favor de titulares de dereitos ou unidades de aproveitamento distintos dos propietarios orixinariamente aportantes dos terreos, a protocolización da acta de reparcelamento.
3. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme ter lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre aquel, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que devandito acto ou contrato non lle tivese producido efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos desde que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producise efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigacións do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución algunha.
4. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avinza en acto de conciliación e a simple avinza á demanda.
5. Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase conforme ás prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto desde logo, a reserva cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado anterior.

ARTIGO 12. Xestión tributaria do imposto

1. Correspóndelle a xestión do imposto ao órgano da Administración competente, xa sexa en virtude de competencia propia ou de convenio ou acordo de delegación de competencias, todo iso consonte o que dispoñen os artigos 7, 8 e 110 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e as demais normas aplicables.
2. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar ante o órgano competente da xestión tributaria unha declaración axustada ao modelo normalizado, que conterá os elementos da relación tributaria imprescindibles para practicar a liquidación procedente.
3. A dita declaración deberá presentarse nos seguintes prazos, a contar desde a data na que se produza a vindicación do imposto:
 - a) Cando se trate de actos intervivos, o prazo será de trinta días hábiles.
 - b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano por solicitude do suxeito pasivo.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

4. Á declaración acompañaranse os documentos nos que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.
5. Con independencia do disposto no apartado 1 deste artigo, están igualmente obrigados a comunicar ao concello a realización do feito impositivo nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:
 - a) Nos supostos contemplados no parágrafo a) do artigo 6.1 desta ordenanza, sempre que se produciran por negocio xurídico entre vivos, o doante ou a persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.
 - b) Nos supostos contemplados no parágrafo b) do artigo 6.1 desta ordenanza, o adquirente ou a persoa a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

ARTIGO 13. Deber de colaboración

1. Os/as notarios/as estarán obrigados a remitir ao órgano xestor do imposto, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito impositivo deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles foran presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria.
2. Na relación ou índice que remitan os notarios ao concello, estes deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmoables cando dita referencia correspóndase cos que sexan obxecto de transmisión. Esta obrigación será esixible a partir de 1 de abril de 2002.
3. Os/as notarios/as advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre o prazo dentro do cal están obrigados os solicitados a presentar declaración polo imposto e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións.

ARTIGO 14. Inspección e recadación

A inspección e recadación deste imposto realizaranse segundo o disposto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 15. Infraccións e sancións

Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza fiscal, de acordo co previsto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Apróbase o modelo de declaración do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (Anexo I) e facúltase á Alcaldía-Presidencia da Corporación ou ao órgano competente da administración na que se delegue a xestión do imposto, no seu caso, para a súa adaptación ou modificación, respectando os requisitos establecidos na presente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Para o non previsto na presente ordenanza estarase ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais,



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación e demais normativa que a complementa ou substitúa.

As modificacións que se introduzan na regulación deste imposto polas leis de orzamentos xerais do Estado, ou por calquera outra lei ou disposición que sexa de aplicación directa producirán, de ser o caso, a correspondente modificación tácita desta ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Coa entrada en vigor da presente ordenanza, queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, publicada definitivamente no BOP núm. 172 do 29.07.2005.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

SUXEITO PASIVO

PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO					
NOME OU RAZÓN SOCIAL			NIF / NIE / CIF		Nº SUXEITOS PASIVOS		
NOME VÍA PÚBLICA			NÚM.	ESC.	PISO	PORTA	CÓD. POSTAL
MUNICIPIO	PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO				

REPRESENTANTE

NIF	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME				
NOME VÍA PÚBLICA			NÚM.	ESC.	PISO	PORTA	CÓD. POSTAL
MUNICIPIO	PROVINCIA	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO				

DATOS DO/S INMOBLE/S

REFERENCIA/S CATASTRAL/AIS	SITUACIÓN
----------------------------	-----------

DATOS DA TRANSMISIÓN

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

IDENTIFICACIÓN DO ACTO OU NEGOCIO XURÍDICO			COEFICIENTE QUE SE TRANSMITE	
<input type="checkbox"/> PÚBLICO	DATA	DONOTARIO/A OU ÓRGANO XUDICIAL		NÚM. PROTOCOLO PROCEDEMENTO
<input type="checkbox"/> PRIVADO	DOCUMENTO			
TRANSMISIÓN MORTIS CAUSA	DATA FALECEMENTO	DENOME DO/A CAUSANTE		NIF CAUSANTE
DATA DE DEVINDICACIÓN		DATA/S DA TRANSMISIÓN ANTERIOR		

DATOS PARA A XESTIÓN DO IMPOSTO

OPCIÓN PARA CALCULAR A BASE IMPOÑIBLE	<input type="checkbox"/>	OPCIÓN A) VALOR CATASTRAL DO TERREO * COEFICIENTE ART. 107.4 TRLRHL
	<input type="checkbox"/>	OPCIÓN B) DIFERENZA ENTRE VALORES DE TRANSMISIÓN E ADQUISICIÓN
BENEFICIOS FISCAIS (11)	<input type="checkbox"/>	EXENCIÓN
	<input type="checkbox"/>	BONIFICACIÓN
	<input type="checkbox"/>	REDUCCIÓN
NON SUXEICIÓN	<input type="checkbox"/>	NON INCREMENTO DO VALOR DO TERREO
	<input type="checkbox"/>	OUTROS SUPOSTOS
SOLICITUDE DE PRÓRROGA (SÓ NAS TRANSMISIÓNS MORTIS CAUSA)		

Esta declaración fórmulase, en cumprimento do establecido nos apartados 1, 2 e 3 do artigo 110 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nos artigos concordantes da ordenanza fiscal de aplicación, para os efectos de que por parte do Concello de Muros se practique, se procede, a oportuna liquidación deste imposto.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

<input type="checkbox"/>	Copia simple da escritura pública.
<input type="checkbox"/>	Outros.

B. Mocións de urxencia

Non se presentan.

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Terceiro. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 269/2022 do 1 de marzo de 2022 ata o núm. 400/2022 do 31 de marzo de 2022, das XGL núm. 6 do 11 de marzo de 2022 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Cuarto. Rogos e preguntas

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González di que a antiga asociación que facía as festas de Serres lles dixo que este ano non ían facer porque Costas lle dixo que non podían facer festa alí, e segundo eles, e roga que o Concello os apoie.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa contesta que si poden facer a festa, o que non permite Costas é actividade con cobro, porque son actividades económicas. E di que lle manifestaron os da comisión de San Xoán que ese non era o motivo de non celebración. E o que permite Costas é a concesión para xardíns.

A Sra. González pregunta pola peatonalización da rúa de arriba e sinala que hai un acordo plenario de que se ía pechar esta rúa.

A señora alcaldesa contesta que espera que este asunto se peche a finais de maio.

A Sra. González di que hai unhas táboas no paseo de Louro que fai máis de seis meses que están rotas, polo que rogan que o miren.

A señora alcaldesa di que a problema do paseo é estrutural, Costas mandou aos seus enxeñeiros, e ten o compromiso de que se vai arranxar.

A Sra. González pregunta por unha obra en Formilla. A señora alcaldesa contesta que esa obra paralizouse dúas veces, porque acometeron máis obra do que solicitaron, presentou un proxecto para legalizar esa parte do muro, e autorizóuselle refacer o muro segundo a autorización do Concello, pero volverán a enviar outra inspección para comprobar que cumpre a legalidade.

A Sra. González di que teñen queixas respecto aos contedores da praza do Mercado que se sacaron e non se volveron a poñer, e pregunta se se van volver a colocar.

A señora alcaldesa di que era unha zona de vertido incontrolado e cando o camiión entraba e había coches non recollía, e optouse por cambialos e hai un contedor un pouco máis arriba, polo que se valorará se se volven a colocar.

A Sra. González roga que poñan a funcionar os últimos contedores soterrados que se instalaron.

A señora alcaldesa di que ten as súas dúbidas de que estean operativos, pero que o intentaran.

A Sra. González roga que se volva a colocar o contedor na igrexa de Tal.

A señora alcaldesa di que agora están a dez metros.

A Sra. González roga que precinten o parque da Vesada en Serres.

A señora alcaldesa di que foi un parque que sufriu moito vandalismo.

A Sra. González di que lle teñen que facer unha crítica á señora alcaldesa polo último pleno con respecto á moción do PSOE sobre a Ucraína, e que pida desculpas polas súas declaracións que fixo nese pleno.

A señora alcaldesa di que non vai rectificar xa que non dixo nada que non fose certo.

A Sra. González roga que se agradeza á Deputación da Coruña a rapidez no proxecto de modificación dos vestiarios do Eleuterio Balayo.

A Sra. González di que o goberno de España aprobou unhas axudas para a rehabilitación de edificios municipais e queren saber se pediron apoio dos servizos técnicos da Deputación da Coruña para solicitala.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa di que o prazo de apoio foi moi breve e non fixeron nada, pero queda unha segunda liña aberta cuns requisitos aos que non se pode acoller o concello.

A Sra. González preguntalle se a veciñanza da rúa Real lles comunicou se estaban satisfeitos coa obra que se fixo nela.

A señora alcaldesa di que só tiveron unha queixa por unhas pedras e polas tubaxes que estaba á vista.

A Sra. González di que a maquinaria da obra afundiou unha parte da rúa e roga que lle requiran á empresa que o arranxe.

A Sra. González di que se pechou un camiño en Louro que cren que é público, polo que rogan que se recupere.

A señora alcaldesa di que é un tema co que están a traballar porque como camiño público non aparece en ningún lado.

A Sra. González di que o GALP dou unha subvención ao Concello para a proxecto de mellora do acceso á Pozo do Cachón, pero a Consellería do Mar non a aceptou por defectos no proxecto, polo que pregunta que ten pensado facer a este respecto o equipo de goberno.

A señora alcaldesa sinala que o problema que ten ese proxecto foi que Costas non renovou a concesión do inmoible e por iso quedaron sen a axuda.

A Sra. González pregunta pola empresa privada que fai o servizo de axuda a domicilio que a atención dos usuarios é bastante precaria en comparación ás traballadoras do concello, e pregunta se hai unha empresa privada, e cal é a razón para que unha empresa privada preste este servizo.

A señora alcaldesa di que foi algo que se contratou cando gobernaba a Sra. Alfonso porque estaban pondo reparos pola contratación do persoal.

A Sra. González pregunta se non chega coas listas de persoal para cubrir o servizo.

A señora alcaldesa contesta que coas baixas non chegou para cubrir, que son partidarios de que sexa un servizo público.

A Sra. González pregunta se lle chegaron queixas, e a señora alcaldesa contesta que hai algún problema puntualmente.

A Sra. González pregunta se alguén comprobou o traballo da empresa privada, ao que a señora alcaldesa contesta que si.

A Sra. González pregunta con respecto á depuradora na Abelleira, se se vai repoñer a estrada que se desfixo en Mondelo, ao que a señora alcaldesa contesta que si.

A Sra. González roga que se arranxe a pontella do Maio.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Martínez pregunta de novo se se solucionou o problema da cobertura da fibra nos lugares da Abelleira?



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa contesta que polo momento non ten coñecemento de nada.

A Sra. Martínez di que con respecto á limpeza das fincas quen vai ser o organismo que vai facer o seguimento da limpeza destas.

A señora alcaldesa contesta que SEAGA.

A Sra. Martínez roga que se rosen as beirarrúas.

A señora alcaldesa contesta que en canto se incorpore máis persoal vano facer.

A Sra. Martínez di que non sabe se teñen constancia de que os rapaces limparon a fonte de Xuntíns na Abelleira e roga que rematen a limpeza.

A señora alcaldesa di que neste sentido agradecen a colaboración da veciñanza.

A Sra. Martínez roga que se arranxe o parque de Ventín da Abelleira.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Alfonso:

A Sra. Alfonso pregunta se Costas é o responsable do muíño do Pozo do Cachón, ao que a señora alcaldesa contesta que si, que son dúas concesións, unha o parque e outra o edificio, e solicitaron que se unificaran os prazos das dúas concesións.

A Sra. Alfonso sinala que con respecto á empresa privada contratouse para aquilo que era imposible cubrir co persoal propio que estaba nas listas de contratación temporal, e di que é unha alegría que non o queiran externalizar. E que este problema se intentou solucionar coa relación de posto de traballo, e pregunta como vai este tema.

A señora alcaldesa que vaise avanzando nela paralelamente coa oferta pública de emprego que é un proceso anterior á RPT.

A Sra. Alfonso pregunta en que punto está a RPT.

A señora alcaldesa volve sinalar que hai que facer antes a OPE.

A Sra. Alfonso pregunta se na limpeza de edificios contratou algunha empresa.

A señora alcaldesa di que se contratou cando tiveron varias baixas.

A Sra. Alfonso pregunta se ten en mente externalizar o servizo, ao que a señora alcaldesa contesta que non.

A Sra. Alfonso pregunta como vai o tema do parque infantil en Tal, ao lado da escola unitaria.

A señora alcaldesa responde que está no proceso de segregación da parcela.

A Sra. Alfonso roga que miren un burato que hai fronte ao tanatorio de Tal e a señora alcaldesa responde que se mirará.

A Sra. Alfonso pregunta se a fibra vai chegar a Rebordiño, ao que a señora alcaldesa contesta que si.

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. Alfonso pregunta se para as obras de Parameán teñen autorización de Costas, e a señora alcaldesa contesta que si.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, e de todo o que eu como secretario dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.